

CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

Expediente nº: 433/2023

Resolución de Alcaldía

Procedemento: Contrato de servizos por Procedemento Aberto- SARA

Asunto: Contrato da servizos "Servizo Axuda no Fogar Libre Concorrenca e Dependencia Concello de A Lama"

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Data
433/2023	<i>Proposta dos Servizos Sociais</i>	01.12.2023
433/2023	<i>Memoria</i>	01.12.2023
433/2023	<i>Informe insuficiencia de medios</i>	01.12.2023
433/2023	<i>Informe de Secretaría</i>	01.12.2023
433/2023	<i>Resolución de Alcaldía</i>	01.12.2023
433/2023	<i>PCAP</i>	04.12.2023
433/2023	<i>PPT</i>	05.12.2023
433/2023	<i>Informe proposta de Secretaría</i>	05.12.2023
433/2023	<i>Informe de fiscalización (Fase A)</i>	05.12.2023

Á vista dos informes de Secretaría e Intervención que obran no expediente nº 433/2023

Á vista das características do contrato que se pretende adjudicar:

Tipo de contrato: CONTRATO DE SERVICIOS SARA	
Obxecto do contrato: SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA CONCELLO DE A LAMA	
Procedemento de contratación: aberto	Tipo de Tramitación: ordinaria
Código CPV: 85300000-2 Servizos de asistencia social e servizos conexos	
Valor estimado do contrato:	
Orzamento duración inicial (2 anos) sen IVE: 534.528,00 euros	
Prórrogas (2 anos máximo) sen IVE: 534.528,00 euros	
Modificacións (20%): 106.905,6 euros	
Valor estimado total do contrato sen IVE: 1.175.961,6 euros	



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

Orzamento base de licitación IVE excluído: 534.528,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE incluído: 555.909,12 euros	
Duración da execución: 2 anos	Duración máxima: 4 anos

Á vista das características e do importe do contrato propónse a adxudicación mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da *Lei 9/2017 do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público*, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, así como en virtude do acordado polo Pleno da Corporación, en materia de delegación de competencias, na Sesión Extraordinaria celebrada na data 31 de xullo de 2023,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada para o “*Servizo Axuda no Fogar Libre Concorrenza e Dependencia Concello de A Lama*”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 277.954,56 euros (IVE incluído)/ anuais.

Sendo un gasto plurianual proxectado para os exercicios 2024-2025, a execución seguirá o réxime financeiro establecido no PCAP.

CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

SEXTO. Publicar o anuncio de licitación no «*Diario Oficial da Unión Europea*», deixando constancia no expediente da data de envío do anuncio de licitación.



CONCELLO A LAMA

Avda. do Concello 1. 36830 Pontevedra. Tfno. 986 768 238

SÉTIMO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

OITAVO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

- Jorge Canda Martínez , que actuará como Presidente da Mesa.
- María Gómez García, Vogal(Secretaria- Interventora da Corporación concello da Lama).
- Mónica Barreiro Estévez, Vogal. (Traballadora social do Concello da Lama)
- M^a Galiza Aguete Dorrío , Vogal. (Psicóloga do CIM do concello da Lama)
- Mónica García Valladares, que actuará como Secretaria da Mesa. (Técnica de Administración Xeral-Tesoureira).

Mándao e asíno o Sr. alcalde-presidente, en A Lama na data que figura á marxe. Ante min, secretaria. Dou fe.

O Alcalde,
(Acordo do Pleno de 31.07.2023
de delegación de competencias)

Ante min:
A secretaria,

David Carrera Cal

María Gómez García.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

